

Estimo en todo o que vale e significa este premio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Ben sei que todos os premios son graciábeis, que non se corresponden co mérito da persoa proposta senón coa xenerosidade de quen os concede. Moito obrigada, por tanto, á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega por esta distinción que ten, nas súas vinte e dúas edicións precedentes, nomes ben ilustres da nosas letras, que as serviron en xéneros diferentes e co seu traballo aumentaron en cantidade e en calidade a arte que mellor nos representou na contemporaneidade. Ídesme permitir que, de todos eles e elas, saliente aqueles con quen me uniu unha especial relación de amizade e de admiración pola miña parte. Son, por orde de idade, María do Carme Kruckenberg, Manuel María, Uxío Novoneyra, Xosé Chao Rego. Xa non están connosco fisicamente, mais si reinan nos nosos corazóns, na memoria -esoutra vida que nos é concedida aos humanos- e mais na súa descendencia, a súa obra, á que voltamos unha e outra vez para nos fortalecer como galegas e como lectoras. Premios outros levei algúns -todos baixo plica, como gusta de lembrar un mozo amigo meu-, tamén algúns escolares, nun tempo moi diferente ao actual. Daquela, nen había retribución económica nen exhibición mediática: o agasallo podía ser un libro, por exemplo. De por parte, na casa, o que se nos dicía era algo así como: "estuda, que é o que tes que facer" ou "fixeches o que debías"... Por suposto, nengunha autoridade nos agasallaba unha maleta para exportar os nosos coñecementos e para desterrarnos masoquistamente nunha emigración fatal. Non, non había nada do que hoxe nos cabe presenciar...

Mais dicía que este recoñecemento ten un aquel de singular, en primeiro lugar porque é denotativo, quer dicer, premia escribir en galego e tratar de aumentar a cultura escrita de noso; en segundo lugar, porque é outorgado pola asemblea de escritoras e escritores da única asociación galega deste ramo, a única que naceu ao amparo dunha conciencia de auto-organización en todos os ámbitos; en terceiro lugar, en fin, porque eu asistín, entusiasmada e esperanzada, ao seu nacemento ou, máis exactamente, á súa primeira comparecencia pública, no mosteiro de Poio, en Maio de 1981, naquel I Encontro de Escritores en Lingua Galega. Desde aquela, participei en moitas actividades por ela promovidas, na Galiza e fóra dela, e contribuí en todo o que puideron ao seu mantemento e consolidación, porque tamén houbo tentativas de liquidación, afortunadamente conxuradas... 37 anos a contemplan e iso é un motivo de satisfacción para todos aqueles que desexamos unha Galiza máis forte e dona de si.

A profesora Carme Fernández Pérez-Sanjulián compuxo un retrato tan elevado e tan agarimoso da miña persoa que non teño palabras adecuadas para o agradecer debidamente. Atribúano, por favor, a un coñecemento, unha camaradaxe e un afecto de moitos anos atrás. Tan é así que ben podería eu compor a súa *laudatio*, pois coñézoa desde os anos en que fun profesora dela, no Instituto Eusebio da Guarda, na Coruña, durante tres cursos consecutivos. Non só era a alumna máis brillante, senón a máis entregada precozmente á causa do estudantado galego que quería amosarse como tal, nas aulas, no teatro, nas actividades culturais. Como ven, pois, os discursos podían ser reversíbeis. Só direi que oxalá que a obra que a min me cadrou facer fose só un dez por cento do que ela valorou. Grazas de corazón.

O protocolo destes actos determina que haxa que falar de unha mesma. Cumprirei, claro está, a encomenda, mais non lles oculto un algo de desacougo. Non ten nada a ver con falar en público: lévoa facendo toda a vida, a comezar polas clases, que non deixan de ser un acto público e como tal debe ser tratado. É porque sempre penso que o que para cada quen de nós foi ou é importante pode resultar banal ou cansativo para quen nos escoita. Oxalá que puidese dicir como o verso da miña querida e admirada Pilar Pallarés: “Ao ordenar estes versos e estes días”. Procurarei, pois, non abusar demasiado da súa atención.

No Lugo da miña infancia, o galego, a lingua galega, estaba presente por toda a parte: abondaba con ir á Praza de Abastos. Ora ben, tan presente como excluído de calquer interacción social formal e elevada, xa non digamos de calquer ámbito público. Estaba acadarmado, sempre no coloquial inferior, no mundo do campo que penetraba por suposto en toda a vida urbana. O castellano era o idioma da casa, como da escola, claro está, das leituras, da vida social. O galego afloraba en cancións, frases, ditos... Non lembro un desprezo activo, como o que vivían algunhas compañeiras miñas de Instituto: era a marxinação asumida como natural e inevitábel. Onde me mergullei no galego de cheo foi n’Agolada e en Lamas, a aldea natal da miña nai; nela pasei tempadas en varios veráns. Alí si que era o reino do galego único, e o do meu mutismo maravillado: canto máis diferente era da miña fala o que ouvía, máis me gostaba. Inmersión pura. Non teño a menor noticia de que me tivesen que levar ao médico despois deste baño no galego que en Lugo só era, como dixen, retallado e parcial (digo isto para lección dos críticos da inmersión: todas as linguas se aprenden así...).

Nos tres cursos da especialidade de Filosofía e Letras fun alumna de Ricardo Carvalho Calero, nas aulas de Lingua e Literatura Galegas, mais cando máis frecuntei

o seu maxisterio e o seu exemplo foi, xa el xubilado, na derradeira década da súa vida. Del me declaro discípula e leitora continuada. Nesa etapa universitaria, xa o galego estaba moito máis presente nas nosas vidas. A miña queridísima amiga Elvira Sanz Gómez e eu -ela, da Coruña, eu, de Lugo- esmerabámonos en falar e en escribir o galego o mellor posíbel. Eramos bilingües, mais a querenza galega xa existía. Por exemplo: Elvi escribelle ao amigo Eduardo, el si galego-falante desde a infancia, unha carta en galego; a seguir, faino a min tamén en galego, xa que con el empezara; eu respóndolle en galego, para non ser menos. A partir de aí, a correspondencia con todo o mundo -daquela, escribiamos moitas cartas- xa foi en galego. Por que conto isto? Para significar que todo ten un comezo. Todo é empezar e animarse a seguir: unha nova normalidade, en suma. Canto á literatura e ao seu ensino, lembro que foi para min unha auténtica revelación, no ecuador da carreira, poder asistir aos seminarios sobre o barroco español nun curso da UIMP, en Santander, grazas a unha bolsa concedida ao efecto. A análise literaria que fixeron Noël Salomon, Maurice Molho, Edmond Cros e Miquel Batllori supuxo unha novidade total. A literatura era algo bastante máis suxerente e rico do que eu coñecía.

O día en que cumprín 22 anos, o 9 de Outubro de 1975, recién licenciada, comecei a dar aulas de Francés, en 8º de EXB, a 96 rapaces, divididos en tres grupos, no Seminario Diocesano de Lugo, todos eles de procedencia rural e galego-falantes. Non tiven a menor dúbida: debía facelo en galego, na súa lingua. A experiencia foi ben rechamante. A primeira semana ficaron estantíos, non daban palabra. Na segunda, todo o contrario: un balbordo confanzudo que tiven que moderar coa autoridade da tarima: vían que eu era coma eles, unha dos seus. Ficou gravado na miña memoria o escrito dun deles cando lles pedín que valorasen, anonimamente, as clases que lles eu daba: "A min a profesora gostoume, porque falaba coma nós", escribeu un daqueles pequenos. Foi esta docencia a que me levou da man a xeneralizar o uso do galego que na vida familiar e social continuaba sendo parcial, a falar en galego sempre na casa, cumprindo ese exacto diagnóstico de Carvalho Calero, cando falaba de lingua filial, non de lingua materna, da lingua que lles fora erradicada aos pais e os fillos lles devolvemos, rindo ben coa repetición infantil da miña afillada, que enchía a boca, de ben pequeniña, co que máis lle gostaba dicir: "Chove!". Foi este ensino o que me fixo monolingüe e o que me levou a usar a lingua galega como vehicular das miñas aulas de Lingua e Literatura Española, no meu primeiro destino docente na Coruña, no Instituto Eusebio da Guarda, como profesora agregada e, despois, no Instituto da Sardiñeira e na Universidade, por suposto, desde 1991, xa como profesora titular de Lingua e Literatura Galega. Sentía moi vivo, en 1976, o recordo daqueles alumnos

lucenses: non os podía atraizoar; tiña de tratar as alumnas coruñesas igual que o fixera con eles; do contrario, sería caridade mal entendida. Fun valente no uso público do idioma. Mais fun porque o puiden ser. O problema está en toda a represión latente e patente, en todo o que conduce a negalo, a ocultalo ou a disimulalo.

As miñas primeiras publicacións en libro teñen a ver directamente con esta docencia e cunha didáctica, se así a podemos chamar, vinculada á Unión de Traballadores do Ensino da Galiza, ás asociacións culturais e pedagóxicas e a medios de comunicación en galego: a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, o semanario *A Nosa Terra*. Conteí coa enorme fortuna de desfrutar axiña do exemplo, o maxisterio e a obra de persoas como Manuel María, que, cando o coñecín, acompañada de meu pai, en Monforte de Lemos, puxo ao meu dispor o exemplar d'*A Nosa Terra* de Buenos Aires, de 1950, en que se homenaxeaba Castelao, a pouco de falecer na capital arxentina. Ou de coñecer, en visita á Galiza desde o seu desterro en Puerto Real, a Francisco Rodríguez, presentado pola miña irmá na primavera de 1976, ano en que publica a 1ª edición dunha obra ben esclarecedora, *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*. Realizados por libre os estudos de Galego-Portugués, a tese de licenciatura versou sobre a edición crítica da poesía de Valentín Lamas Carvajal, e a tese de doutoramento, que resultou a primeira sobre este tema defendida na USC, sobre lingua galega e lexislación, do punto de vista sociolingüístico. Ambas dirixidas polo profesor Xosé María Dobarro Paz, con quen compartín claustro despois na UDC, ao igual que con vellos compañeiros e amigos como Manuel Ferreiro, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Xosé Ramón Freixeiro, Francisco Salinas, Goretti Sanmartín, Laura Tato, Xosé Manuel Sánchez Rei -todos eles e elas brillantes investigadores- ou a profesora Carme Sanjulián, que xa se ocupou de falar tan xenerosamente dunha obra sobre temas varios de lingua e literatura galega que nunca abandonei.

Desde aquela, autores como Rosalía de Castro ou Castelao ocuparon felizmente moitas horas dos meus traballos e afáns de divulgación. Outros foron citados xa por Cesáreo Sánchez Iglesias e pola profesora Sanjulián, e non vos cansarei repetíndoos. Sempre defendín -e intentei practicar- que o ensaio non é xénero menor e, aínda, que entre nós, na nosa literatura, adquiriu un sobrevalor, xa desde os inicios da literatura contemporánea, pola necesidade de nos significar e de nos explicar coa dignidade precisa. O mesmo diría dos artigos de prensa, dos estudos monográficos sobre calquer autor ou das palestras ou comunicacións en foros galegos ou non galegos, de Portugal, de Cataluña, de Valencia, do País Basco, de Madrid e outras

ciudades españolas, de Bruxelas, de Franza, Italia, Arxentina, Cuba, Brasil... ou aínda de lugares máis distantes.

Moitos temas relacionados coa fortuna iuslingüística, coa política lingüística, coa literatura e tamén coa cultura galega foron así mesmo obxecto da miña preocupación como representante do povo galego no Parlamento, como deputada do BNG. A vida nosa ten moitas faces e eu nunca me aponteí a considerar compartimentos estancos a actividade cultural e a convencionalmente denominada política. Busquei o abrazo das dúas, en beneficio de ambas. Ora ben, teño de confesar que tantas veces recibín como resposta a daquel personaxe de Woody Allen, que dicía: "Perségume a cultura, mais eu corro máis e nunca me pilla". Botémoslle humor, que boa falta nos fai, á vista das circunstancias...

A xentil profesora que me precedeu falou do feminismo como medular da miña obra ou actividade. Non a vou desmentir. Talvez todo comezou coa prohibición de meu pai, cando nacemos miña irmá ou eu, de que nos furasen as orellas. "Eu non marco as miñas fillas por seren mulleres", foi o que dixo. Se cadra, cousas que de nena non entendía ben estexan na orixe de feitos futuros. Voulles confesar que unha das alegrías maiores da miña infancia era saber asubiar (daquela dicíamos "silbar", claro...). O día en que a miña madriña me confundiu co seu home, asubiando polas escaleiras da casa, como adoitaba facer, foi felicísimo para min. Mais sempre hai quen agüe o viño: indo para a escola, un neno algo máis vello ca min, viciño da casa, espetoume, ao sentirme asubiar a todo pulmón: "¡Pareces un niño!". Eu, que de nena lembro ter moitas melancolías e remoer moito as cousas, fiquei desconcertada. Que terá a ver asubiar con ser neno? preguntábame, co orgullosa que estaba de o saber facer. A intriga tardou moitos anos en se resolver, claro está... Tanto miña irmá coma min fomos educadas para sermos independentes, para termos un emprego e facer pola vida. En palabras evanxélicas, para non desbaratar os talentos que nos foran dados. E aquí estamos..., Maricarme, tendo que repetir verdades e evidencias, devolvéndolle o valor orixinal a palabras como feminismo, igualdade, independencia, cousificación, discriminación, equidade...

Agradecida, até o fin dos meus días, a todas e a todos vós pola vosa presenza, a vosa compañía e o voso afecto. Agradecida a Lugo, ao seu Concello, que nos recibe neste magnífico Salón de Plenos. No recordo á "Ode á cidade de Lugo", de Manuel María: "... bosque sagrado: / agora as tuas arbres son torres de laxe, / cantería e cemento. A muralla é / a sebe que protexe e pecha o teu / círculo máxico e sagrado como ollo / misterioso e gigantesco...". Na lembranza da evocación da Lucus Augusti

de Novoneyra: “Romana i episcopal / a antiga capital / na rota nova daquela / tirada dende ou cara ela / cara Brácará i Emérita / sin pensar de ser pretérita”. Lugo, a cidade dos tesouros encantados, na deliciosa guía-definición de Lois Diéguez; Lugo, d’ *O cántico da fonte*, que é a da Praza do Campo, feita arte poética por Cesáreo Sánchez Iglesias, que tamén foi nun tempo viciño da nosa cidade.

No día do meu 41 aniversario, en 1994, a escritora Marica Campo enteirouse do tal polo xornal *El Progreso*. Escrebera por aquelas datas o poema “Regreso en outono” e decidiu agasallarmo. Non tiñamos aínda amizade, por máis que eu xa admirara o seu libro primicial: *Tras as portas do rostro* e me emocionara, sen ser nativa daquela terra, co poema primeiro: “Val do Mao”. Ela regresaba en outono. Eu regreso agora a Lugo en primavera, feliz de que este encontro congregue tantas persoas queridas da Galiza toda.

Se non fose descortesía, confésovos que podería ter aforrado este discurso, para declarar unha esquemática, mais non por iso menos auténtica, verdade. **Eu son galega e quero que se note**. Non hai máis misterio nen máis mérito. Que se note na fala, na escrita, na defensa do que nos pertence, na dignidade debida, no coñecemento e aprezo de nós. Toda a miña vida adulta procurei servir esta verdade, nas aulas, nos libros, no resto de actividades que me coubo facer. É o único que podo ofrecervos para corresponder a tanta xentileza, a tanta magnanimidade.

Obrigada de corazón. Nel vos levo por sempre.

*María Pilar García Negro  
Salón de Plenos do Concello de Lugo  
10 de xuño de 2017*